



CPI de ATIOS  
Valdoviño

# Memoria

Curso 2022-2023

|                                    |                      |
|------------------------------------|----------------------|
| <b>Xefe de departamento:</b>       | <b>Materias</b>      |
| <i>Carlos Alberto Bacelo López</i> | ESO Educación Física |
| <b>Membros do departamento</b>     | <b>Materias</b>      |
| Zaida Patiño Palleiro              | 1º ESO GRUPO A       |

|                |                         |
|----------------|-------------------------|
| <b>MATERIA</b> | <b>EDUCACIÓN FÍSICA</b> |
|----------------|-------------------------|

## **A) Porcentaxe de cumprimento da programación e dos obxectivos e razóns da programación non impartida.**

A porcentaxe de cumprimento da programación por cursos foi a seguinte:

1º ESO: 8 unidades de 9: 89%

2º ESO: 9 unidades de 9: 100%

3º ESO: 8 unidades de 8: 100%

4º ESO: 8 unidades de 9: 100%

A porcentaxe de programación impartida foi durante o curso 2022-23 do 94%

En 1º de ESO quedou sen impartir na 2ª avaliación a unidade 6: Actividades rítmicas.

O grado de cumprimento dos obxectivos foi totalmente satisfactorio.

## **B) Accións realizadas e modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica.**

### **1ª AVALIACIÓN**

En 1º de ESO cumpriuse un 75% das unidades previstas para primeira avaliación.

En 2º de ESO cumpriuse a programación nun 100% impartíndose 2 das 2 unidades previstas na programación.

En 3º de ESO cumpriuse a programación o 100% impartíndose dúas unidades didácticas.

En 4º de ESO cumpriuse a programación nun 75%, impartíndose dúas unidades.

### **2ª AVALIACIÓN:**

En 1º de ESO cumpriuse a programación nunha porcentaxe do 100%, impartíndose as tres unidades previstas para esta 2ª avaliación.

En 2º de ESO cumpriuse a programación nunha porcentaxe do 100%, impartíndose as tres unidades previstas para esta 2ª avaliación: Atletismo 1, Floorball e Fútbol sala.

En 3º de ESO cumpriuse a programación nun 100 % impartíndose as tres unidades didácticas previstas: Acroximnasia, Voleibol e Xogos populares e alternativos 3.

En 4º de ESO impartíronse dúas das tres unidades previstas: Actividades de raqueta e Xogos populares e alternativos 4 , quedando sen impartir a unidade de O ritmo. A porcentaxe de programación impartida foi do 75%.

### **3ª AVALIACIÓN.**

Nesta terceira avaliación cumpriuse a programación nos cursos de ESO nas seguintes porcentaxes. En 1º de ESO cumpriuse a programación nun 100 % impartíndose as tres das tres unidades previstas. En 2º de ESO déronse 5 das 5 UD previstas cunha

porcentaxe tamén do 100%.

En 3º de ESO 3 das 3 previstas cunha porcentaxe de programación impartida do 100% e tamén se impartiu a unidade de Xogos populares pendente da segunda avaliación.

En 4º de ESO cumpriuse a programación nun 100 % impartíndose as tres das tres unidades previstas..

### **C) Motivos das modificacións feitas o longo do curso. Dificultades atopadas que impediron o logro dos obxectivos e resultados agardados.**

A nivel de dificultades aínda que non impediron o logro dos obxectivos e resultados agardados si queremos facer mención a diversos aspectos:

- A evolución da situación sanitaria permitiu un desenvolvemento casi similar cos cursos previos á pandemia.
- O alumnado con atención domiciliaria tivo importantes problemas de seguimento da materia e a maioría non entregou ningunha das tarefas demandadas. É evidente a falta de motivación deste tipo de alumnado para seguir os contidos da materia de forma non presencial.
- O alumnado de 1º ESO A foi moi perxudicado na súa carga lectiva da materia debido á coincidencia co horario do comedor dos luns. Neste grupo reduciuse a unha hora semanal a carga lectiva da materia para a maioría do alumnado.
- A ratio de alumnado por aula inflúe positivamente no proceso ensino-aprendizaxe, onde a maioría dos grupos non pasaban de 22/23 alumnas/os.

**D) Analise dos resultados das avaliacións dos alumnos en relación cos cursos anteriores.**

**Observación:** Estes son datos do mes de xuño, que é cando se fan entregan as memorias, aínda que haxa materias que teñan exames extraordinarias en setembro.

|                  | Primeiro      |               | Segundo       |               |
|------------------|---------------|---------------|---------------|---------------|
|                  | Curso 21-22   | Curso 22-23   | Curso 21-22   | Curso 22-23   |
| Cualificación    | Nº de Alumnos | Nº de Alumnos | Nº de Alumnos | Nº de Alumnos |
| 1                | 0             | 0             | 0             | 0             |
| 2                | 0             | 0             | 0             | 0             |
| 3                | 1             | 1             | 0             | 0             |
| 4                | 0             | 0             | 0             | 0             |
| <b>Suspensos</b> | <b>0</b>      | <b>1</b>      | <b>0</b>      | <b>0</b>      |
| 5                | 3             | 1             | 0             | 6             |
| 6                | 3             | 4             | 1             | 5             |
| 7                | 11            | 5             | 12            | 19            |
| 8                | 18            | 11            | 14            | 11            |
| 9                | 17            | 11            | 11            | 10            |
| 10               | 15            | 3             | 1             | 8             |
| <b>Aprobados</b> | <b>64</b>     | <b>37</b>     | <b>39</b>     | <b>63</b>     |

|                  | Terceiro      |               | Cuarto        |               |
|------------------|---------------|---------------|---------------|---------------|
|                  | Curso 21-22   | Curso 22-23   | Curso 21-22   | Curso 22-23   |
| Cualificación    | Nº de Alumnos | Nº de Alumnos | Nº de Alumnos | Nº de Alumnos |
| 1                | 1             | 0             | 0             | 0             |
| 2                | 0             | 0             | 0             | 0             |
| 3                | 2             | 0             | 0             | 1             |
| 4                | 0             | 1             | 0             | 0             |
| <b>Suspensos</b> | <b>3</b>      | <b>1</b>      | <b>0</b>      | <b>1</b>      |
| 5                | 0             | 3             | 5             | 3             |
| 6                | 5             | 5             | 6             | 1             |

|                         |                  |                  |                  |                  |
|-------------------------|------------------|------------------|------------------|------------------|
| 7                       | 18               | 10               | 11               | 18               |
| 8                       | 26               | 11               | 13               | 11               |
| 9                       | 8                | 10               | 8                | 9                |
| 10                      | 3                | 1                | 1                | 10               |
| <b><i>Aprobados</i></b> | <b><i>53</i></b> | <b><i>42</i></b> | <b><i>44</i></b> | <b><i>49</i></b> |

### **E) Propostas de mellora para a programación didáctica do próximo curso.**

Para o vindeiro curso 2023-2024 seguirase coa mesma carga horaria para os grupos de 1º de ESO, tres horas semanais. Faise necesario unha revisión das unidades didácticas plantexadas para unha posible modificación da programación didáctica.

En canto ás actividades extraescolares, resultan moi interesante as de nova inclusión coma os “Obradoiros sobre protección solar” pero cambiando os grupos aos que van dirixidos. O vindeiro curso ofertaranse para 3º ou 4º da ESO.

A semana branca intentarase adiantar para o mes de xaneiro e cun posible cambio na empresa coorganizadora.

### **F) Avaliación da práctica docente.**

No departamento de Educación Física pasamos ó alumnado unha enquisa para avaliar a nosa práctica en 3º e 4º da ESO.

### **G) Actividades extraescolares e complementarias desenvolvidas.**

#### **1. MATERIAL DE LECER:**

Posta en común das condicións de préstamo de material ó alumnado. Ao longo do curso fixemos varios intentos de recreos activos pero non tendo continuidade pola situación sanitaria. A principios de outubro colocouse o material de lecer para os recreos a disposición do alumnado de Educación Secundaria. O préstamo de material deportivo durante os recreos reduciuse a cordas, pás de tenis de mesa e balóns de voleibol. Todas as actividades propostas neste tempo de lecer foro actividades deportivas de cancha dividida.

**2. SEMANA BRANCA:** Tivo lugar do 18 ao 24 de marzo na estación El Tarter Grandvalira de Andorra. O prezo final da actividade foi de 520€ e 415€. Os

profesores acompañantes foron Maria Dolores Otero, Zeltia Rodríguez, Juan Ramón Alonso, Alejandro Cadarso e Carlos Bacelo. A pernocta realizouse no Hotel Delfos de Escaldese e unha visita á Spa- Caldea (23€ a maiores por participante). Houbo unha visita de á enfermería pero non lesionados/as.

### 3. MAGOSTO:

O venres, día 09 de novembro celebramos no CPI de Atios o SAMAÍN. Desde o departamento organizáronse xogos tradicionais para o alumnado de ESO.

4. APRENDE A TRAVÉS DEL SURFING. Este curso continuamos co proxecto da Federación Española de Surf en colaboración co concello de Valdoviño. Realizáronse dúas sesións (unha no centro e outra na praia) cun bautismo de surf gratuito para o alumnado de 4º de primaria o 24 de maio (Praia da Frouxeira) coa empresa Valdosurf e 2º da ESO o 20 de xuño (Praia de Pantín) coa empresa SurfCamp Pantín. GRATUITA

5.KAYAK, PADDLE SURF E VELA NA RÍA DE CEDEIRA. Cancelado por falta de financiación dos fondos GALP.

6. TORNEO DE XADREZ: Organizado polo departamento de matemáticas.

7. FAI CLICK AO TEU BOCATA. Actividade organizada pola Consellería do Mar dentro do plan Proxecta. O alumnado de 1º da ESO tivo un obradoiro con información e degustación dos produtos conserveiros o 16 de marzo.

7. CAMIÑO DE SANTIAGO: CANCELADO

### 8. MULTIAVENTURA ASTURIAS:

Durante os días 12, 13 e 14 de abril de 2023 o alumnado de 1º da ESO participou na visita a Asturias realizando diferentes actividades deportivas e culturais. A empresa encargada foi Multiaventura parque de Multiaventura Norte S.L. O prezo da actividade foi de 190€ por participante. O profesorado acompañante foi Juan Coira, Zaida Patiño e Carlos Bacelo. Un total de 51 participantes realizaron descenso polo río Sella, espeleoloxía na Cova do Pandu, actividades ocio e senderismo polos Lago de Covadonga.

8. CLASE DE SURFSKATE. A escola de surf Friends & Family realizou unha sesión gratuita de surfskate para o alumnado de 1º da ESO o 7 de xuño.

9. RAFTING NO RÍO MIÑO. A última activada do curso foi o 23 de xuño no río Miño onde a empresa Arrepions S.L. realizou un rafting. Prezo foi de 33€ participante. Foi unha actividade con alumnado de 3º e 4º (34) e profesorado (10€).

## **H) Principais conclusións.**

Durante este curso 2022-2023 a materia de Educación Física desenrolouse aproximadamente do xeito que estaba programado, cumpríronse os obxectivos e impartíuse a maioría dos contidos da programación a pesar da situación tan complicada e variable que vivimos. O alumnado de ESO amosou en liñas xerais capacidade de traballo e interese, e foi participativo e aberto a todas as propostas feitas dende o departamento de Educación Física con apenas condutas disruptivas.


Esperamos que a situación sanitaria do vindeiro curso facilite a celebración das actividades canceladas así como unha normalización dos contidos que precisen dun certo contacto físico. Na medida do posible retomaremos as actividades que se viñan organizando por este departamento ata a chegada da pandemia.

Este curso houbo de novo moitas incidencias co material de lecer que se presta nos recreos. Os recreos activos deben ser un punto a melonar de cara o vindeiro curso.


As instalacións e o material do que dispoñemos segue a ser na nosa materia envidiábel e loitamos diariamente co noso alumnado para que aprenda a coidar e a manter o que ten aínda que non sempre o noso labor sexa recompensado, tentaremos seguir neste camiño. Neste apartado de material destacar tamén a utilización do rocódromo onde ensinamos ao alumnado os principios básicos e as técnicas máis sinxelas da escalada en rocódromo.

A actualización do inventario do departamento farase en próximas datas para que esté dispoñible a principios de setembro e facilite unha petición de material axeitada ás necesidades.

Asinado,

A stylized, handwritten signature in black ink, consisting of several overlapping loops and a long horizontal stroke extending to the right.

Xefe do departamento  
Carlos Alberto Bacelo López

A handwritten signature in black ink, featuring a large, central loop with a horizontal line extending to the right, set against a light-colored background.

Profesora do departamento  
Zaida Patiño Palleiro